



“ Jesús Bal y Gay. Tientos e Silencios 1905-1993” Actividades didácticas arredor da exposición

A exposición “**Jesús Bal y Gay. Tientos e Silencios 1905-1993**” terá lugar no Pazo de Fonseca entre o 20 de xaneiro e o 5 de marzo do 2006.

Esta exposición, organizada pola Sociedad Estatal de Commemoraciones Culturales en colaboración coa Xunta de Galicia, as institucións que integran Lugo Cultural (Universidade de Santiago de Compostela, Concello de Lugo, Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Caixa Galicia) así como a Residencia de Estudiantes de Madrid, co gallo do centenario do nacemento de Bal y Gay, reconstrúe a biografía do músico, musicólogo e intelectual lucense mediante un percorrido polas diferentes etapas da súa vida e da súa obra ensaística e musical.

Seguindo unha estrutura cronolóxica, as obras, fotografías e documentos reunidos nesta exposición permiten seguir a brillante e polifacética traxectoria intelectual e artística de Bal y Gay dende o seu Lugo natal ata o seu regreso a España despois de case tres décadas no exilio.

O itinerario didáctico previsto para a exposición percorre:

- ?? Nenez e mocidade en Lugo (1905-1924)
- ?? Relación co mestre Manuel de Falla (1926-1946)
- ?? Galicia (1926-1935)
- ?? Madrid e a Residencia de Estudiantes (1924-1935)
- ?? Cambridge (1935-1938)
- ?? México (1938-1965)
- ?? De regreso a España (1965-1993)

Durante o percorrido pola exposición descubriremos libros, documentos, obra plástica, partituras, revistas, obxectos persoais de Bal y Gay, fotografías, ... que nos van permitir coñecer máis de preto a vida e a obra deste intelectual galego tan prolífico.

Para facilitar o acceso dos centros de ensino está previsto a realización de visitas guiadas á exposición. O comezo das mesmas será o 1 de febreiro, en horario de mañá e de tarde. No caso de estar interesados/as remítanos a ficha de participación que se achega.

ACTIVIDADES NA SALA DA EXPOSICIÓ N

- ?? Visita didáctica guiada

Lugar de realización: Colexio Fonseca.

Destinatarios: educación secundaria obrigatoria e post-obrigatoria, escolas de arte, conservatorios de música e escolas de música

Datas de realización da exposición: do 20 de xaneiro ao 5 de marzo

Datas de realización das visitas didácticas: do 1 de febreiro ao 5 de marzo

Inauguración: 20 de xaneiro ás 13:00 horas



Horario de visitas para escolares: De martes a venres, de 9:30 a 13:30 h. e de 15:30 a 17:30 h.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS Á EXPOSICIÓ N

Como complemento da exposición está programado un ciclo de concertos e outro de conferencias sobre a figura de Bal y Gay, que nos permitirá coñecer e disfrutar con maior profundidade a obra do homenaxeado. Ambas propostas están destinadas para o público en xeral.

Ciclo de Concertos:

Deste ciclo xa se celebraron dous concertos, en novembro e decembro do pasado ano, no Auditorio da Universidade de Santiago. As próximas actuacións son:

***///* Estudos históricos de Jesús Bal y Gay**

Taller de canto do Orfeón Terra A Nosa acompañado pola Capela Compostelana, dirixida por Francisco Luengo Miro Moreira, director
Martes, 17 de xaneiro 2006, ás 21:00h. Auditorio da Universidade de Santiago de Compostela

***///* Obras para piano**

Uta Weyand, piano
Martes, 14 de febreiro de 2006, ás 21:00h. Auditorio da Universidade de Santiago de Compostela

***///* Obras para orquestra**

Orquestra Sinfonietta de Vigo
Joám Trilho, director
Luns, 20 de marzo de 2006, ás 21:00h. Auditorio de Galicia, Santiago de Compostela

Conferencias:

/// Conferencia de Rosa M^a Fernández, 25 de xaneiro ás 20:00 h. Aula 8 da Facultade de Xeografía e Historia

/// Mesa Redonda, 1 de marzo ás 20:00 h. Aula 8 da Facultade de Xeografía e Historia

Información: Departamento de Educación e Mocidade, teléfono **981 55 44 00**
correo electrónico: dptoeducacion@aytocompostela.es